

## XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 24 de marzo de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día vinte e catro de marzo do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D.Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32464.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 17 de marzo de 2023.

2.32465.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO N° 4- RESTAURACIÓN SENDA PEONIL BAREDO-SEGUNDO TRAMO”-ANUALIDADE 2023- (Expte.2023006387)

### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un



prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

- En data 01/02/2023 por rexistro WEB2023005200, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de BAIONA na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 299.846,10 €, con destino ao financiamento do investimento “Proxecto N° 4- *Restauración senda peonil Baredo segundo tramo*”, cun orzamento que importa 299.846,10 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2023	299.846,10	299.846,10	0,00	0,00
TOTAL	299.846,10	299.846,10	0,00	0,00

- O orzamento de 299.846,10 euros inclúe 280.958,15 euros de execución de obra, 9.443,98 euros de honorarios de redacción de proxecto e 7.082,98 euros de honorarios de dirección de obra e 2.360,99 euros de coordinación de seguridade e saúde.
- Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, do Instituto de Estudos do Territorio, do Servizo provincial de Costas e do Servizo de Augas de Galicia, aportando ao efecto as súas solicitudes, por non dispor das mesmas no momento de presentar a solicitude da subvención.
- O concello non aporta a acta de trazado previo debidamente cumprimentada (Anexo III) por non contar coas autorizacións indicadas, debendo o concello realizar a súa aportación (autorizacións sectoriais, anexo III) xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, conforme ao establecido na base 12ª do Plan Concellos 2022-2023.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) n° 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



## DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 21/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 13/03/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 16/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF: P3600300B a cantidade de 299.846,10 € con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto nº 4- Restauración senda peonil Baredo segundo tramo*” (Expte.2023006387) cun orzamento que importa 299.846,10 €, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2023	299.846,10	299.846,10	0,00	0,00
TOTAL	299.846,10	299.846,10	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio, do Instituto de Estudos do Territorio, do Servizo provincial de Costas e do Servizo de Augas de Galicia por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, así coma a aportación da acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Baiona*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32466.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REDE DE SANEAMENTO EN O AMEAL E VALSORDO, CALDAS DE REIS”.-ANUALIDADE 2023-(Expte.2023005925)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.





- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un





prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

- En data 30/01/2023 por rexistro WEB2023004493, emendado en datas posteriores, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Caldas de Reis* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 336.001,71 €, con destino ao financiamento do investimento “*Rede de saneamento en O Ameal e Valsordo, Caldas de Reis*”, cun orzamento que importa 336.001,71 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2023	336.001,71	336.001,71	0,00	0,00
TOTAL	336.001,71	336.001,71	0,00	0,00

- O concello solicita expresamente que parte do importe total que lle correspondeu no reparto asignado a Liña 2 que importa 71.287,63 euros, sexan destinados para financiar actuacións encadradas na Liña 1- Inversións, consonte ao establecido nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 que permiten aos concellos empregar as cantidades que non utilicen das liñas 2 e 3 para facer investimentos (liña 1).
- A finalidade do investimento é a prestación dun servizo básico municipal (de acordo co recollido no artigo 25 e 26 de LRBRL), é dicir, o saneamento nos lugares de Ameal e Valsordo do Concello de Caldas de Reis. Neste sentido, tal e como se dispón na Base Primeira das reguladoras do Plan de Obras e Servizos 2022-2023, nos supostos de investimentos de competencia municipal que se realicen sobre estradas de titularidade provincial ou de titularidade de calquera outra Administración Pública deberase contar coa autorización expresa da respectiva Administración ou acreditar tela solicitada.
- O *Concello de Caldas de Reis* realiza a depuración dos vertidos producidos no seu ámbito territorial na estación depuradora das Corticeiras (EDAR das Corticeiras), sen embargo, na actualidade o concello non conta con instalacións en funcionamento que permitan que os vertidos producidos nas zonas de Ameal e Valsordo poidan ser conducidos para a súa depuración na EDAR indicada polo que se ven na necesidade de buscar unha alternativa que lle permita dar solución o problema indicado.
- Neste sentido, o *Concello de Caldas de Reis* firma un convenio inter-administrativo co Concello de Portas polo que o Concello de Portas autoriza ao Concello de Caldas de Reis para que conduza as augas residuais producidas nas zonas de Ameal e Valsordo cara a rede de saneamento do Concello de Portas para a súa depuración.
- A subvención solicitada ten por obxecto financiar o proxecto que lle permita cumprir co establecido no convenio inter-administrativo asinado entre ámbalas dúas entidades.



- Consta no expediente o convenio asinado entre as dúas entidades, certificado relativo a alta no inventario municipal de bens dos terreos afectados polo proxecto e sobre os que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, precisa da autorización da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e a autorización de Augas de Galicia, aportando ao efecto as súas solicitudes, por non dispor das mesmas no momento de presentar a solicitude da subvención.
- O concello non aporta a acta de trazado previo debidamente cumprimentada (Anexo III), nin o acordo de aprobación do proxecto presentado por non contar coas autorizacións indicadas, debendo o concello realizar a súa aportación (autorización sectorial, anexo III e aprobación do proxecto) xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, conforme ao establecido na base 12ª do Plan Concellos 2022-2023.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular .
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico



do servizo de Cooperación, de data 24/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 27/02/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade**:

- Conceder ao *Concello de Caldas de Reis*, CIF: P3600500G a cantidade de 336.001,71 € con destino ao financiamento do investimento “*Rede de saneamento en O Ameal e Valsordo, Caldas de Reis*” (Expte.2023005925) cun orzamento que importa 336.001,71 €, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas - €	Fondos propios do Concello-€
2023	336.001,71	336.001,71	0,00	0,00
TOTAL	336.001,71	336.001,71	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e de Augas de Galicia por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, así coma a aportación da resolución ou o acordo de aprobación do proxecto presentado e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Caldas de Reis*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.32467.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DE TORNO (GALISTEO), PARROQUIA DE MAÑUFE”, (Expte. 2023008203)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).



- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 01/02/2023, por rexistro WEB2023005493 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, de petición do *Concello de Gondomar* mediante a que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 74.255,45 €, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento do camiño de Torno (Galisteo), Parroquia de Mañufe*” (Expte.2023008203), quedando configurada a petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	74.255,45€	74.255,45€	-----

O concello achega o certificado da secretaria municipal onde se fai constar a inclusión no inventario do camiño no que se van a executar as obras de referencia.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 27/02/2023. Mais a concesión debe quedar condicionada a que o concello achegue as sectoriais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra e da entidade pública Augas de Galicia.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.





- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

### DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios, de data 27/02/2023, e da Xefa do Servizo de Cooperación da mesma data que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, a cantidade de 74.255,45 € con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento do Camiño de Torno (Galisteo), parroquia de Mañufe*” (Expte.2023008203).
- A concesión da subvención realízase contra a aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito para facer fronte ao gasto. Non obstante, a presente concesión debe quedar condicionada a que o concello achegue xunto coa primeira xustificación a resolución favorable da entidade Augas de Galicia e a autorización sectorial do Servizo de Vías e Infraestruturas Provinciais da Deputación de Pontevedra.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme ao recollido na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento, incluído na anualidade 2023, deberá estar executado a 31 de decembro de 2024 e xustificado a 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Gondomar*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.32468.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE MONDARIZ, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NO BARRIO DO CRUCEIRO (VILASOBROSO)”,(Expte. 2023006359)

#### ANTECEDENTES:

- No marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022-Liña 1, mediante resolución presidencial núm. 2022003553, de 10/05/2022, concedéuselle ao *Concello de Mondariz*, CIF: P-3603000E, unha subvención, por importe de 30.954,78 euros, co obxecto do financiamento da obra “*Mellora da estación de augas residuais do Val*” (Ref: 2022011236).
- Así mesmo, no marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022-Liña 1, mediante acordo da xunta de goberno núm. 3.32079, de 09/09/2022, concedéuselle ao Concello de Mondariz, CIF: P-3603000E, unha subvención, por importe de 103.237,88 €, co obxecto do financiamento da obra “*Mellora e ampliación da senda da Covicha-Laredo no T.M de Mondariz*” (Ref: 2022009932). A subvención distribuíase do modo seguinte:

Anualidades	Subvención
2022	40.177,09€
2023	63.060,79€
Total	103.237,88€

- A través do rexistro web núm. 2023004931, de data 31/01/2023, o *Concello de Mondariz* achega o decreto da alcaldía núm. 2023-0063, de 31/01/2023, mediante o que desiste da subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da estación de augas residuais do Val*” (Ref: 2022011236), dada a imposibilidade de dar cumprimento aos requirimentos formulados pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil con tempo suficiente para poder executar a obra no prazo marcado polas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- En data 17/02/2023 mediante resolución presidencial núm. 2023001369 se acepta a desistencia total do *Concello de Mondariz* á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da estación de augas residuais do Val*” (Ref: 2022011236), o que deixa en dispoñible no correspondente proxecto de gasto e na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45.2022 crédito por importe de 30.954,78 €.



- De igual modo, mediante rexistro web núm. 2023004062, de 26/01/2023, o concello de Mondariz achega o certificado do acordo do pleno municipal celebrado o día 24/11/2022, mediante o que se modifican as achegas municipais ao Convenio de Colaboración subscrito coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil para a execución da obra “*Mellora e ampliación da senda da Covicha-Laredo no t.m de Mondariz*” (Ref: 2022009932). De acordo coa Addenda modificativa a aportación municipal ao devandito convenio queda tal e como se reflicte deseguido:

Anualidades	Subvención
2022	907,14€
2023	102.728,90€
Total	103.636,04€

A modificación proposta respecta os prazos de execución, que para os investimentos acollidos á Liña 1, están previstos no Plan Concellos 2022-2023. Mais, quedaría dispoñible, na aplicación 23/942.9425.762.45.2022, crédito por importe de 39.269,95 €.

- En data 24/02/2023, a xunta de goberno mediante acordo núm. 20.32327 presta a súa conformidade á addenda modificativa.
- En data 31/01/2023, a través do rexistro web 2023004931, o *Concello de Mondariz* solicita unha subvención por importe de 70.204,65 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Ampliación do saneamento no barrio do Cruceiro (Vilasobroso)*” (Ref. 2023006359). Este novo investimento financíase co crédito procedente da desistencia e co crédito dispoñible no exercicio 2022 por mor do axuste das anualidades do convenio.
- A nova petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 para a Liña 1. Non obstante, a execución do proxecto precisa das autorizacións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Servizo de Patrimonio) e do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra; autorizacións que foron solicitadas formalmente e que están pendentes de resolución.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 17ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que dispón que unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada. O cambio de finalidade requirirá a autorización expresa da Deputación e se axustará ao procedemento previsto nas bases reguladoras.

### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/02/2023, da xefa do servizo de cooperación de data 28/02/2023 (emendado en data 20/03/2023), e do informe da Intervención provincial, de data 20/03/2023, coas prevencións recollidas nos antecedentes xa expostos, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Conceder ao *Concello de Mondariz*, CIF: P3603000E, unha subvención, por cambio de finalidade, por importe de 70.204,65 euros con destino ao financiamento do investimento “*Ampliación do saneamento no Barrio de Cruceiro (Vilasobroso)*” (Expte. 2023006359).



- A concesión da subvención realízase contra a aplicación 2023/942.9425.762.45.2022 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito para facer fronte ao gasto. Mais a presente concesión debe quedar condicionada a que o concello achegue xunto coa primeira xustificación a resolución favorable do Servizo de Patrimonio adscrito á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e a autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *Concello de Mondariz* deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Conforme a Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31/12/2023 e xustificado a 31/03/2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Mondariz*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.32469.- CONCESIÓN DE SUBVENCión AO CONCELLO DE MORAÑA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS E O SEU CONTORNO NO RURAL”, (Espte.2023006778)

#### ANTECEDENTES

- Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.





- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



- En data 01/02/2023 por rexistro WEB2023005471 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Moraña* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 171.592,56 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños e o seu contorno no rural*”, cun orzamento de 178.046,44 €, dos que 170.544,44 € corresponden á execución material, e 7.502,00 € á asistencia técnica (redacción de proxecto e dirección de obra), quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	178.046,44 €	171.592,56 €	6.543,88€
	Exec. Obra 170.544,44 €		
	Honorarios redacción proxecto e dirección de obra 7.502,00€		

- Do expediente infírese que non son precisas autorizacións sectoriais, pero como se indica no informe da técnica municipal: “Será necesaria declaración responsable ante o Servizo de Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a actuación a levar a cabo, posto que unha parte das actuacións no lugar de Alende e o camiño do lugar de Trambosríos atópanse dentro da zona de policía de concas, a menos de 100 m do rego de Grixó e do rego da Laceira respectivamente” e ademais “parte dos camiños do lugar de Alende están dentro da zona de afección da estrada autonómica PO-221 , e será necesaria a presentación de declaración responsable ante a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Por mor da falta destas declaracións no momento de presentar a súa solicitude de subvención, o concello pospón a aprobación do proxecto ata o seu outorgamento. Polo que, a concesión da presente subvención debe quedar condicionada á aprobación do proxecto e a presentación das citadas declaracións para executar as obras e a acta de trazado previo, sendo imprescindible que remita á Deputación Provincial xunto coa primeira xustificación da axuda económica toda a documentación sinalada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concello 2022-2023 e achega a documentación requirida contando co informe de supervisión favorable do Facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 24/02/2023.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### DA XESTIÓN EN CERNES DO CICLO DA AUGA

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 24/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 16/03/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial de data 17/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Conceder ao *Concello de Moraña* CIF: P3603200A a cantidade de 171.592,56 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños e o seu contorno no rural*” (Expte. 2023006778) cun orzamento de 178.046,44 €, dos cales 170.544,44 € corresponden a execución de proxecto, 7.502,00 € corresponden a honorarios de redacción de proxecto e dirección de obra, e 6.453,88 € de achega municipal, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	178.046,44 €	171.592,56 €	6.453,88€
	Exec. Obra		
	170.544,44 €		
	Honorarios de redacción de proxecto e dirección de obra 7.502,00€		

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- Do expediente infírese que non son precisas autorizacións sectoriais, pero como se indica no informe da técnica municipal: “Será necesaria declaración responsable ante o Servizo de Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a actuación a levar a cabo, posto que unha parte das actuacións no lugar de Alende e o camiño do lugar de Trambosríos atópanse dentro da zona de policía de



concas, a menos de 100 m do rego de Grixó e do rego da Laceira respectivamente” e ademais “parte dos camiños do lugar de Alende están dentro da zona de afección da estrada autonómica PO-221 , e será necesaria a presentación de declaración responsable ante a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Por mor da falta destas declaracións no momento de presentar a súa solicitude de subvención, o concello pospón a aprobación do proxecto ata o seu outorgamento. Polo que, a concesión da presente subvención debe quedar condicionada á aprobación do proxecto e a presentación das citadas declaracións para executar as obras e a acta de trazado previo, sendo imprescindible que remita á Deputación Provincial xunto coa primeira xustificación da axuda económica toda a documentación sinalada

- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concello 2022-2023 , o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Moraña*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.32470.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MOS”, (Expte.20230113430)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un





prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

- Que con data 30/01/2023, por parte do *Concello de Mos*, realizouse a solicitude de subvención do Plan Concellos 2023, dentro da Liña 1, para o proxecto “*Remodelación del entorno de la Ermita de San Eleuterio en Tameiga – Mos*”, por un importe de subvención de 309.804,86 euros, e por un importe total do proxecto de 1.032.682,87 euros. Que con data 07/02/2023, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, achegou un novo borrador de convenio para a realización de actuacións de urbanismo: “*Remodelación del entorno de la Ermita de San Eleuterio en Tameiga- Mos*”, por un importe de 1.032.682,87 euros, ca distribución das partidas seguintes: aportación do Concello de Mos será de un 30% do total (309.804,86 €) e da Xunta de Galicia o 70% restante (722.878,01€), pero neste borrador establecíase o financiamento do proxecto en dúas anualidades, repartidas da seguinte maneira:

PORCENTAXES DE ACHEGAS	APORTACIÓN -2023	APORTACIÓN- 2024
Consellería de Medio Ambiente, territorio e Vivenda (70% custe estimado)	547.878,00€	175.000,00€
Concello de Mos (30% custe estimado)	234.804,86€	75.000,00€
TOTAL	1.032.682,86€	

- O que leva ao *Concello de Mos* a facer unha modificación da solicitude presentada en data 31/01/2023, a vista do novo borrador. Por todo iso o Concello de Mos solicita unha modificación da cantidade a solicitar na actuación mencionada (*Remodelación del entorno de la Ermita de San Eleuterio en Tameiga- Mos*) e súa vez fai unha nova solicitude dentro da Liña 1, co obxecto do financiamento do proxecto “*Mellora de pavimentación camiños municipais do Concello de Mos*”.
- En data 23/02/2023 por rexistro WEB2023011114, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Mos* na que solicitaba con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 75.000 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de pavimentación camiños municipais do Concello de Mos*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	75.000€	75.000 €	-----

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida. Neste investimento non se precisan autorizacións sectoriais.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 28/02/2023.



## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



## DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 28/02/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial de data 17/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Conceder ao *Concello de Mos* CIF: P3603300I a cantidade de 75.000 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de pavimentación camiños municipais do Concello de Mos*” (Expte.2023013430) con orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	75.000€	75.000 €	-----

- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan. Neste investimento non se precisan autorizacións sectoriais.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concello 2022-2023 , o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mos*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.32471.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO PORRIÑO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DOS PARQUES INFANTÍS NO PORRIÑO”, (Expte.2023005257)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).



- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 25/01/2023 por rexistro WEB2023003807 dentro do prazo fixado na convocatoria, emendada nas datas 25/01/2023 e 06/02/2023 (núm. rexistro WEB2023003831 e núm. rexistro WEB2023006531 respectivamente ) consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de O Porriño* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 228.558,42 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora dos parques infantís no Porriño*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	228.558,42 €	228.558,42 €	



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, da “*Dirección General de Carreteras del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*” e da Deputación Provincial de Pontevedra e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Por mor da falta destas autorizacións no momento de presentar a súa solicitude de subvención, o concello pospón a aprobación do proxecto ata o seu outorgamento. Polo que, a concesión da presente subvención debe quedar condicionada á aprobación do proxecto e a presentación das citadas declaracións para executar as obras, sendo imprescindible que remita á Deputación Provincial xunto coa primeira xustificación da axuda económica toda a documentación sinalada.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 27/02/2023.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.





## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponden ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.



- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### DA XESTIÓN EN CERNES DO CICLO DA AUGA

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 27/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 27/02/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Conceder ao *Concello de O Porriño*, CIF: P3603900F a cantidade de 228.558,42 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora dos parques infantís no Porriño*” (Expte. 2023005257) cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	228.558,42€	228.558,42 €	



- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan. Neste investimento se precisan autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, da “*Dirección General de Carreteras del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*” e da Deputación Provincial de Pontevedra e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Por mor da falta destas autorizacións no momento de presentar a súa solicitude de subvención, o concello pospón a aprobación do proxecto ata o seu outorgamento. Polo que, a concesión da presente subvención debe quedar condicionada á aprobación do proxecto e a presentación das citadas autorizacións para executar as obras, sendo imprescindible que remita á Deputación Provincial xunto coa primeira xustificación da axuda económica toda a documentación sinalada.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio, no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concello 2022-2023 , o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de O Porriño*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.32472.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RIBADUMIA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “APORTACIÓN MUNICIPAL AMPLIACIÓN E MELLORA DO PUNTO LIMPO MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADUMIA”. (Exppte.2023006588)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro



de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-



2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 01/02/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Ribadumia na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 175.780,44 €, con destino ao financiamento “*Aportación municipal ampliación e mellora do punto limpo municipal do Concello de Ribadumia*”, cun orzamento por importe de 287.199,13 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	287.199,13	175.780,44	111.418,69	0,00
TOTAL	287.199,13	175.780,44	111.418,69	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Consellería do Medio Rural. O Concello acredita ter solicitada dita autorización.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 01/03/2023.

#### Fundamentación xurídica:

##### Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.



- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.





- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 01/03/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 01/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/03/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Ribadumia* CIF P3604600A, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 175.780,44 €, con destino ao financiamento do investimento “*Aportación municipal ampliación e mellora do punto limpo municipal do concello de Ribadumia*” (Expte.2023006588) cun orzamento polo importe de 287.199,13 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	287.199,13	175.780,44	111.418,69	0,00
TOTAL	287.199,13	175.780,44	111.418,69	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial da Consellería do Medio Rural, sendo imprescindible que a remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o *Concello de Ribadumia* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ribadumia*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.32473.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RIBADUMIA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “OBRAS DE DOTACIÓN DE SERVIZOS E MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO LUGAR DE AS QUINTÁNS (PARROQUIA DE SISÁN)”. (Expte.2023006586)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 01/02/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Ribadumia na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 72.351,90 €, con destino ao financiamento “*Obras de dotación de servizos e mellora de camiños municipais no lugar de As Quintáns (Parroquia de Sisán)*”, cun orzamento por importe de 72.351,90€, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	72.351,90	72.351,90	0,00	0,00
TOTAL	72.351,90	72.351,90	0,00	0,00

- Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial por parte de Augas de Galicia e da Consellería do Medio Rural. O Concello aporta as solicitudes de ditas autorizacións.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 24/02/2023.

#### Fundamentación xurídica:

##### Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio



de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados



- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 24/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 27/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Conceder ao *Concello de Ribadumia* CIF P3604600A, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 72.351,90 €, con destino ao financiamento do investimento “*Obras de dotación de servizos e mellora de camiños municipais no lugar de As Quintáns (Parroquia de Sisán)*” (Expte.2023006586) cun orzamento polo importe de 72.351,90 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	72.351,90	72.351,90	0,00	0,00
TOTAL	72.351,90	72.351,90	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á presentación das autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e da Consellería do Medio Rural, sendo imprescindible que as remita á Deputación, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Ribadumia deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ribadumia*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.32474.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO NO BOMBEO DA CAPTACIÓN, DEPÓSITO, ETAP E REDE DE DISTRIBUCIÓN”.  
(Expte.2023006542)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.





Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 01/02/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Salvaterra de Miño* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 99.083,02 €, con destino ao financiamento “*Mellora instalacións de abastecemento no bombeo da captación, depósito, Etap e rede de distribución*”, cun orzamento por importe de 99.083,02 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	99.083,02	99.083,02	0,00	0,00
TOTAL	99.083,02	99.083,02	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto por importe de 2.541,00 €.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar, o técnico municipal informa que as obras a realizar son sobre unha rede de titularidade municipal e en instalacións de titularidade municipal; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 17/02/2023.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse suscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 27/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Conceder ao *Concello de Salvaterra de Miño* CIF P3605000C, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 99.083,02 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora instalacións de abastecemento no bombeo da captación, depósito, Etap e rede de distribución*” (Expte.2023006542) cun orzamento polo importe de 99.083,02 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	99.083,02	99.083,02	0,00	0,00
TOTAL	99.083,02	99.083,02	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto por importe de 2.541,00 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o *Concello de Salvaterra de Miño* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.32475.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDITORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “ALUMEADO PÚBLICO” (Expte.2023007044)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.



- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2).
- En data 01/02/2023, con rexistro núm.WEB2023005346, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc. (liña 2), petición do Concello de Tomiño na que solicita unha subvención por importe de 380.721,48 euros, con destino ao financiamento de *Alumeado público* (Expte.:2023007044), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	380.721,48 €	380.721,48 €	0,00 €

- Para o financiamento da actuación descrita no parágrafo anterior, a entidade municipal solicita que parte da cantidade asignada a liña 1-investimentos correspondente a anualidade 2023 do Plan Concellos, en concreto 265.604,12 euros, se traspasen a liña 2 correspondente a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).





- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (líña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 28/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 17/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Conceder ao *Concello de Tomiño*, CIF:P3605400E, a cantidade de 380.721,48 €, para a realización da actuación “*Alumeado público*” (Expte.2023007044), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para



xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tomiño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.32476.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE ACCESIBILIDADE AO CENTRO DE FORMACIÓN DE MATOSINHOS”. (Expte. 2023006357)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a



contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 31/01/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Vilagarcía de Arousa* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 174.014,80 euros, con destino ao financiamento “*Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosinhos*”, cun orzamento por importe de 255.614,80 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	255.614,80	174.014,80	81.600,00	0,00
TOTAL	255.614,80	174.014,80	81.600,00	0,00

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, se ben á autorización a Augas de Galicia, foi solicitada fóra do prazo que se recolle na base 12ª das reguladoras; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 13/02/2023.



Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 24/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade**:

- Conceder ao *Concello de Vilagarcía de Arousa* CIF P3606000B, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 174.014,80 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosinhos*” (Expte.2023006357) cun orzamento polo importe de 255.614,80 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	255.614,80	174.014,80	81.600,00	0,00
TOTAL	255.614,80	174.014,80	81.600,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización de Augas de Galicia, sendo imprescindible que a remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, antes do inicio do trámite da xustificación da axuda económica.





- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Vilagarcía de Arousa deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.32477.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “REFORMA DO CENTRO MUNICIPAL ASPRODICO”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021- CONCELLO DE PONTEAREAS (Expte. 2021016706)

Consta no expediente incoado co núm. 2021016706, o informe da xefa do servizo de cooperación de data 01/03/2023 que literalmente di como segue:

“ANTECEDENTES

- *O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.*
- *No marco do devandito Plan, se lle concedeu ao concello de Ponteareas mediante acordo da xunta de goberno núm. 6.30678, de data 06/08/2021, unha subvención por importe de 128.192,60 euros co obxecto do financiamento do investimento “Reforma do centro municipal ASPRODICO” (expediente: 2021016706), cun orzamento que ascendía a 344.924,84 euros (327.803,31 euros de execución obra e 17.116,53 euros de honorarios técnicos). O importe que resta ata completar a totalidade do orzamento é financiado polo polo IDAE (216.732,42 euros).*



- En data 17/02/2023 ten entrada nesta Deputación, mediante o rexistro núm. 2023009300, o proxecto modificado do investimento arriba referido. No informe do secretario xeral do Concello, de data 30/01/2023, e no Decreto da alcaldía núm. 2023-0215, de 30/01/2023, polo que se inicia o expediente de modificación do contrato, faise constar que unha vez adxudicado o contrato da obra “Reforma do centro municipal ASPRODICO” á empresa IMPERVELPER, S.L., en data 24/11/2022, a dirección de obra propón a modificación do proxecto a causa da introdución de unidades non previstas e a supresión parcial e total de unidades de obra, tal e como se pon de manifesto na memoria anexa ao proxecto modificado.
- O proxecto modificado non varía a tipoloxía do proxecto aprobado inicialmente, pero supón un incremento no orzamento (de licitación e adxudicación) do 8,294%.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Acordo do Pleno da Deputación núm. 4.7875, de 28 de outubro de 2022, relativo á aprobación da prórroga do Plan Concellos 2021.

### Consideracións Xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.



*Petición e evacuación de informes:*

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

*Resolución do expediente:*

- *Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.*
- *Base 20ª das Reguladoras do Plan Concellos 2021, que establece que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado, admitindo que as modificacións se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.*
- *Artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, que prevé que se poidan modificar os contratos cando se de algún dos tres supostos a), b) ou c) do seu parágrafo segundo e se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.*

## CONCLUSIÓNS

*A normativa en materia de subvencións reflicte como unha característica a da afección ou vinculación da axuda económica ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.*

*A vista da definición da subvención arriba referida, ao Concello de Ponteareas, ao abeiro do Plan Concellos 2021, concedéuselle unha subvención, por importe de 128.192,60 euros co obxecto do financiamento do investimento “Reforma do centro municipal ASPRODICO” (Ref. 2021016706), no que se tivo en conta un proxecto, por importe de 344.924,84 euros (327.808,31 euros de execución obra e 17.116,53 euros de asistencia técnica) que no momento da concesión se estimou acaído e suficiente para deducir a súa adecuación á convocatoria do Plan Concellos.*

*Considerando que, unha vez adxudicada a obra, ponse se manifesto a necesidade de incorporar unidades de obra nova e suprimir, parcial ou totalmente, outras, que obrigan a modificar o proxecto orixinal co fin de darlle unha solución xusta dentro da finalidade da subvención.*

*Visto que o proxecto modificado non altera o obxecto da subvención concedida; que este se presenta antes de que remate o prazo de execución e xustificación das obras acollidas no Plan Concellos 2021 e que co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.*



*Visto que as modificacións propostas supoñen unha variación no orzamento do proxecto e no prezo de adxudicación do 8,294%; pasando a importar o orzamento de licitación (IVE ENGADIDO) de 327.808,31 euros a 354.995,53 euros e o de adxudicación (IVE ENGADIDO) de 297.660,00 euros a 322.346,83 euros.*

*Visto que o enxeñeiro xefe de Cooperación, en data 27/02/2023, emitiu informe favorable das actuacións descritas proxecto técnico modificado.*

*Por todo o exposto, á vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicable e as consideracións xurídicas expostas, INFORMO FAVORABLEMENTE E PROPOÑO:*

*1.- Que se autorice o proxecto modificado da obra “Reforma do centro municipal ASPRODICO” (expediente: 2021016706), aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2021, poida ser executado nos termos establecidos polo Concello.*

*2.- Que a baixa obtida na adxudicación do contrato se aplique no financiamento do modificado. Unha vez que se liquide a obra se realizarán os axustes orzamentarios correspondentes.*

#### **RÉXIME COMPETENCIAL**

*En virtude do establecido nas Bases Específicas de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á xunta de goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.”*

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e visto o informe favorable da intervención provincial, de data 20/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

– Aprobar o proxecto modificado do investimento “Reforma do centro municipal Asprodico” (Expte.2021016706), incluído no Plan Concellos 2021.

O proxecto modificado, que non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin o importe da subvención concedida, implica unha variación no orzamento do proxecto e no prezo de adxudicación do 8,294%. Este incremento, na parte proporcional que corresponda, finánciase contra a baixa obtida na adxudicación do contrato.

– Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponteareas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



15.32478.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓN S DE ABASTECIMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS EN VARIOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CORRESPONDENTE CO EXPEDIENTE FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS NOS CONCELLOS DE BARRO, A CAÑIZA, O GROVE, MARÍN, MEIS, NIGRÁN, PONTEAREAS E PONTECESURES” DO IDAE FINANCIADO NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO POCS 2014-2020. (Expte.2022074878)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 3 de febreiro de 2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 “*sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures*” do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020, cos seguintes actuacións:

Lote	Actuacións
1	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Barro
2	Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de A Cañiza
3	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de O Grove
4	Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Marín
5	Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Meis
6	Proxecto 6.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Nigrán
7	Proxecto 7.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontearreas
8	Proxecto 8.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontecesures

O anuncio de licitación deste contrato foi remitido para a súa publicación ao Diario Oficial da Unión Europea con data 03/02/2023, publicouse no Perfil de Contratación con data 05/02/2023, así mesmo publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23/02/2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación do sobre “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras. A continuación, realizouse á apertura electrónica do sobre “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, da empresa que resulta admitida.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B”, aos técnicos do Servizo de Cooperación, para que procedan a avaliar a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento.

En data 27/02/2023 o enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, emite informe de valoración do sobre B co csv: 9EY5T89RQTASZ4W7.

O secretario da Mesa na reunión de data 02/03/2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas relativas aos criterios de valoración mediante xuízos de valor segundo constan no referido informe técnico e a continuación procédese a apertura do sobre C da documentación avaliable mediante criterios automáticos, da empresa que non resultou excluída.

Unha vez realizado o exame da referida oferta a Mesa de Contratación na súa sesión de data 09/03/2023, procedeu á clasificar a oferta presentada pola empresa Teswater Global, SL aos 8 lotes, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación dos lotes do contrato polos prezos e valores ofertados para con un dos lotes.

Dita clasificación é a seguinte:

Clasificación	Lote	Empresa	Sobre B	Sobre C	Total
1ª	LOTE 1.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Barro	TESWATER GLOBAL SLU	38	28	66
1ª	LOTE 2.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de A Cañiza	TESWATER GLOBAL SLU	38	37	75
1ª	LOTE 3.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de O Grove.	TESWATER GLOBAL SLU	38	23,5	61,5
1ª	LOTE 4.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Marín	TESWATER GLOBAL SLU	38	37	75
1ª	LOTE 5.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Meis	TESWATER GLOBAL SLU	38	23,5	61,5



1ª	LOTE 6.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Nigrán	TESWATER GLOBAL SLU	38	12,25	50,25
1ª	Lote 7.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Pontearreas.	TESWATER GLOBAL SLU	38	37	75
1ª	Lote 8.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Pontecesures	TESWATER GLOBAL SLU	38	32,5	70,5

Mediante Resolución Presidencial RP2023001933 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación adoptada na reunión celebrada o día 09/03/2023 e require á empresa TESWATER GLOBAL SL (lotes nº 1,2,3,4,5,6,7,8), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa TESWATER GLOBAL SL presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistros entrada WEB2023016404 e WEB2023018835 de data 14/03/2023 y 20/03/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das garantías definitivas polos seguintes importes:

Lote	Importe garantía	Carta de pago Nº operación
1	2.973,95€	202300062491
2	4.374,81€	202300062591
3	3.516,30€	202300062592
4	2.387,43€	202300062593
5	3.589,42€	202300062594
6	5.814,04€	202300062595
7	3.344,03€	202300062596
8	3.305,43€	202300062597

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.





Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

1.- Adxudicar os oito lotes do contratación dos traballos de renovación das instalacións de abastecemento e depuración de augas en varios concellos da provincia, correspondente co expediente FEDER -EELL-2020-004631 “Sistemas sostíbeis de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” do I.D.A.E. financiado nun 80% polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020 á empresa TESWATER GLOBAL, S.L. (B27778703) conforme ao seguinte detalle:

Denominación lote	Importe ofertado (sen IVE)	IVE (21%)	Importe ofertado (con IVE.)
LOTE 1.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Barro	59.478,94 €	12.490,58 €	71.969,52 €
LOTE 2.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de A Cañiza	87.496,21 €	18.374,20 €	105.870,41 €
LOTE 3.- Mellora da eficiencia enerxética n a s instalacións de depuración de augas no Concello de O Grove.	70.325,97 €	14.768,45 €	85.094,42 €
LOTE 4.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Marín	47.748,72 €	10.027,23 €	57.775,95 €
LOTE 5.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Meis	71.788,59 €	15.075,60 €	86.864,19 €
LOTE 6.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Nigrán	116.280,81 €	24.418,97 €	140.699,78 €
Lote 7.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Pontearreas.	66.880,64 €	14.044,93 €	80.925,57 €
Lote 8.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no Concello de Pontecesures	66.108,60 €	13.882,81 €	79.991,41 €

- Prazo de garantía ofertado: 36 meses



Prazo de execución: 4 meses contados desde a sinatura da acta de comprobación de replanteo.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/942.1700.652.15.2022 do vixente orzamento provincial.(Fondos FEDER:80% Deputación de Pontevedra: 10 % ata un máximo de 10.000 € e Concellos 10 % ou a cantidade restante)

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais polo importe dos traballos executados obtida das correspondentes medicións e aplicando a porcentaxe de baixa correspondente ao prezo de adjudicación de cada lote.

A porcentaxe de baixa será a mesma para todas as actuacións que forman parte dun mesmo lote e obterase en función do prezo de adjudicación dese lote.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adjudicataria ou adjudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración	L02000036 (CIF:P3600000H)		Nº de expte e lote	2022074878 Lote_____	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adjudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

Formalización: A empresa adjudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

16.32479.- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DA COCIÑA E COMEDOR PARA O PROGRAMA DEPOAVENTURA A LANZADA 2023 (EXPTE. 2022070076) E APROBACIÓN DUN NOVO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DA COCIÑA E COMEDOR PARA O PROGRAMA DEPOAVENTURA A LANZADA 2023 (Exppte.2023020014)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo a promoción e organización de actividades destinadas á xuventude no ámbito da educación non formal, a inserción socio laboral, a formación en linguas estranxeiras, o deporte, a cultura, o ocio e tempo de lecer entre outras.

O programa Depoaventura, ofrece a posibilidade de que 1.540 nenos e nenas empreguen o seu tempo libre no verán participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que contribúan ao seu enriquecemento persoal e lles faciliten coñecer outros lugares fóra da súa contorna habitual.

En base ao anterior, a Deputación acorda poñer en marcha os campamentos de verán DEPO AVENTURA A LANZADA 2023, dirixidos a nenas e nenos da provincia de Pontevedra.

As instalacións de A Lanzada, contan con cociña equipada, comedor interior e exterior, con vestiarios e aseos, pero non contamos cós medios necesarios (persoal de cociña comedor e limpeza, para elaborar os menús diarios en cada quenda, levar a cabo a xestión da despensa e a compra de alimentos así como a limpeza de todas as zonas indicadas, polo que é preciso contratar a unha empresa especializada que leve a cabo dito servizo.

Para cubrir dita necesidade, a proposta da Deputada Delegada de Turismo e Xuventude, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 17 de febreiro do 2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023*, cun período de duración desde o día 22 de xuño do 2023 ata o día 13 de setembro do 2023, orzamento base de licitación de 157.148,15 euros e valor estimado de 142.861,95 euros.

No mesmo acordo dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que remataría ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



O anuncio de licitación publicouse no *Perfil do Contratante* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de febreiro do 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada o día 9 de marzo do 2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, e “B”, correspondente á proposta avaliable mediante xuízos de valor, presentado pola única empresa que participa neste procedemento: Osventos Innovación en Servizos S.L. (CIF: B70493275).

Na referida sesión, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación do sobre “B” ao persoal técnico do servizo de Cohesión Social e Xuventude, para que avalíe e pondere as propostas, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores.

O servizo de Cohesión Social e Xuventude, con data 10 de marzo do 2023, emite informe (CSV: 1KLZIWVG1HTNZN7Z), no que detalla unha serie de incumprimentos na oferta técnica presentada pola empresa Osventos Innovación en Servizos S.L., á que lle outorga unha puntuación total de 13 puntos. En base ao exposto, propón a súa exclusión á Mesa de Contratación por incumprir o prego de prescricións técnicas e por non acadar a puntuación mínima esixida de 21,5 puntos.

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 16 de marzo do 2023, acorda prestar conformidade ao informe do servizo de Cohesión Social e Xuventude, e, en consecuencia, propoñer ao órgano de contratación a exclusión da licitadora Osventos Innovación en Servizos S.L. e a declaración do procedemento deserto.

Con data 17 de marzo do 2023, o servizo de Cohesión Social e Xuventude, coa conformidade da deputada delegada da área, informa que dado que o inicio do programa DEPOAVENTURA 2023 será o vindeiro domingo 25 de xuño de 2023, resulta urxente proceder á unha nova licitación deste servizo, co fin de garantir que a contratación estea formalizada antes desa data.

Respecto ao prego de prescricións técnicas, prego de condicións económico administrativas, memoria económica, prezo de licitación e demais documentación do expediente, solicítase que nesta segunda licitación se incorpore a mesma documentación técnica, económica e administrativa obxecto da primeira licitación, xa que cumpre cos requirimentos exixidos pola lexislación de contratos, e o expediente inicial foi informado favorablemente tanto por Secretaria Xeral como por Intervención.

A vista de que continúa existindo a necesidade de contratar o *servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023*, é preciso iniciar un novo expediente para a súa contratación, ao que se lle asina o número 2023020014. Dito expediente configúrase nos mesmos termos e condicións que o anterior, sen ningunha modificación respecto ao contido dos pregos administrativos e de prescricións técnicas.



De conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no expediente de contratación debe constar motivada a necesidade e idoneidade do contrato, o prego de prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas así como a acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente e a súa retención na aplicación correspondente, previos a aprobación do expediente polo órgano de contratación. Todos estes documentos constan no expediente que quedou deserto polo que procedería a súa conservación, toda vez que os actos e trámites cuxo contido non fose modificado nin obxecto de infracción, poderase preservar e dar validez.

A conservación do acto administrativo ven recollido no artigo 51 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que persegue, en virtude do principio *in favor acti* e en cumprimento dos principios de eficiencia e economía procedemental, aproveitar aqueles actos ou trámites que poidan chegar a ser válidos dunha forma ou de outra.

En aras dunha maior claridade, procederase a cambiar o número de expediente dos pregos administrativos e de prescricións técnicas reguladores do anterior procedemento, polo que faise necesario aprobalos de novo cun código seguro de verificación diferente.

De conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a acumulación no mesmo acordo da declaración de deserto do expediente número 2022070076 e a aprobación do expediente 2023020014 ao gardar entre eles íntima conexión.

De conformidade co informe favorable do xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, do 20 de marzo do 2023.

Tendo en conta o informe favorable do Secretario Xeral, de data 20 de marzo do 2023.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 21 de marzo do 2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Os pregos de prescricións técnicas particulares deben recoller todas aquelas características de esta índole que deba reunir a prestación do contrato e non conter, pola contra declaracións ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (art. 68.3 do RXLCAP) coma o pago do prezo. Non obstante, no PCAP recóllese que, en caso de discrepancia, prevalecerá o recollido no PCAP.*

*Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllese varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

*No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio”.*



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

1. Aceptar a proposta da Mesa de Contratación do día 16 de marzo do 2023, e, en consecuencia, en base ao informe do servizo de Cohesión Social e Xuventude, de data 10 de marzo do 2023 (CSV: 1KLZIWVG1HTNZN7Z), excluír á empresa *Osventos Innovación en Servizos S.L.* (CIF: B70493275), polos incumprimentos do prego de prescricións técnicas que presenta a súa oferta, detallados no referido informe, e por non alcanzar a puntuación mínima esixida na cláusula 9.1 do prego administrativo.
2. Declarar deserto o procedemento aberto convocado para a contratación do *Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023 (Expte. 2022070076)*, por non presentarse ningunha empresa en tempo e forma que cumpra coas esixencias da contratación.
3. Aprobar un novo expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023 (Núm. exp. 2023020014)*, nos mesmos termos e condicións que a anterior licitación, conservando os actos administrativos e trámites realizados para a aprobación do expediente número 2022070076, declarado deserto neste mesmo acordo.
4. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 3T33Z9ACSP0X8785) e de prescricións técnicas (CSV: 8ANVHCG0UZ9KC0ND) que rexerán dita contratación.
5. Autorizar o gasto por importe 157.148,15€ con cargo a aplicación orzamentaria 23/231.3370.227.99 (vinculación xurídica) do vixente orzamento provincial.  
Dita autorización conleva realizar as operacións contables pertinentes para anular o crédito que se atopa en fase de gasto autorizado no expediente número 2022070076, declarado deserto neste acordo, e realizalas neste novo expediente.
6. Nomear responsable do contrato a Begoña Estévez Bernárdez, xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra.



7. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

17.32480.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LAVANDERÍA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2022063813)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 13 de xaneiro de 2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 16 de xaneiro de 2023. Na mesma data, publicanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2 de febreiro de 2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Centro Príncipe Felipe.

Recibido informe do Centro Príncipe Felipe, de data 20 de febreiro de 2023 (CSV: KPJ5KI87VM2YG43I), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23 de febreiro de 2023, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o 2 de marzo de 2023, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa ELIS MANOMATIC S.A.U. (CIF: A-08.205.056), polos prezos e valores ofertados.





Mediante Resolución Presidencial número 2023001709, de 03/03/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa *Elis Manomatic S.A.U.* (CIF: A-08.205.056), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa *Elis Manomatic S.A.U.* (CIF: A-08.205.056) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023017710, de data 16/03/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 4.035,22 € (carta de pago núm. operación 202300061169, do 17/03/2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

1.- Adxudicar o contrato de servizo “*Servizo de lavandería no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” á empresa *Elis Manomatic S.A.U.* (CIF: A-08.205.056) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Tipo de roupa	Prezo adxudicación por lavado/ud (sen IVE)
Sabana baixeira de cama	0,629 €
Sabana encimeira de cama	0,629 €
Funda almofada de cama	0,240 €
Colcha de cama	1,118 €
Manta de cama	2,096 €
Toalla de lavabo	0,270 €
Toalla ducha	0,589 €
Sabana baixeira de berce	0,629 €
Sabana encimeira berce	0,629 €
Colcha berce	1,118 €



O prazo de duración do contrato é de un ano desde a data sinalada no documento de formalización. Establécese a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/232.2312.227.99 do vixente orzamento provincial, e as do ano 2024 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 23/232.2312.227.99, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento a empresa adxudicataria realizarase contra a presentación das correspondentes facturas mensuais, unha vez conformadas pola persoa responsable do contrato e sempre trala correspondente comprobación cos albarás. O importe a pagar por cada solicitude de prestación de servizo realizada obterase aplicando a porcentaxe de baixada obtida en función do prezo total ofertado pola empresa aos prezos unitarios que se sinalan no anexo V deste prego.

A tales efectos, por cada entrega de roupa limpa, entregarase o correspondente albará no que se identificará claramente os tipos de prendas e cantidade que se entrega.

Os albarás deberán ser selados e asinados pola persoa que recepcione a entrega de roupa.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Nº de exp.:	2022063813		
Órgano xestor:	LA0006112	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Xefa de Xestión do Centro Príncipe Felipe, Ana María Soto Prieto, ou persoa na que delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpusese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

18.32481.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL VIAXAMOS NO TEMPO DO CONCELLO DE MOS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “ROMANCHA DO ARJINA (FESTA DO CANTEIRO)”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte.2022020587)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Cultural Viaxamos no Tempo*, con CIF: G-27.726.546, do *Concello de Mos*, por un importe de 1.440,25€, para a “*Romancha do Arjina (Festa do Canteiro)*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05 e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 03/03//2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno **queda enterada e acepta** dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

19.32482.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA CORAL POLIFÓNICA VAGALUME DO CONCELLO DE OIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “ENCONTRO DE CORAIS”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte. 2022014606)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Coral Polifónica Vagalume*, con CIF: V-36.432.490, do *Concello de Oia*, por un importe de 785.59 €, para o “*Encuentro de corais*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 08/03/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno **queda enterada e acepta** dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



20.32483.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL ARTÍSTICA DORRÓN DO CONCELLO DE SANXENXO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O CERTAME “MÚSICAS DA NOSA TERRA”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte. 2022020695)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Cultural Artística Dorrón Sanxenxo*, con CIF:G-36.141.653, do *Concello de Sanxenxo*, por un importe de 1.440,25 €, para o “*Certame "Músicas da nosa terra"*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 03/03/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno **queda enterada e acepta** dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

21.32484.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL DAVID FERNÁNDEZ RIVERA DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A EXPOSICIÓN DE POESÍA VISUAL E EXPERIMENTAL “MARFIL”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte. 2022020862)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Cultural David Fernandez Rivera*, con CIF: G-27.729.821, do *Concello de Vigo*, por un importe de 942,71€, para a “*Exposición de poesía visual e experimental "Marfil"*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 15/03/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno **queda enterada e acepta** dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

22.32485.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL DE VIGO DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “DESCUBRE O PATRIMONIO DE VIGO. GYMKANA FOTOGRÁFICA EN VPM”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022. (Expte. 2022019955)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación de usuarios de vehículos de mobilidade persoal de Vigo*, con CIF: G-09.827.825, do *Concello de Vigo*, por un importe 1.112,92 €, para o “*Descubre o patrimonio de Vigo. Gymkana fotográfica en VPM*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 15/03/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno **queda enterada e acepta** dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



- 23.32486.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN CULTURAL E ETNOGRÁFICA SAN CIBRÁN, DO CONCELLO DE MONDARIZ, PARA O PROXECTO “ENRIQUE PEINADOR, UN PROMOTOR DA LINGUA, A MÚSICA VERNÁCULA E O PATRIMONIO CULTURAL”, DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAI S EN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022 (Expte. 2022030091)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 01/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Cultural e Etnográfica San Cibrán do Concello de Mondariz*, con CIF: G94020856, por un importe de 3.403,12 €, para “*Enrique Peinador, un promotor da lingua, a música vernácula e o patrimonio cultural*” con cargo á aplicación 22/334.3340.489.05, e recibido escrito WEB 2023011267, con data 24/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno **queda enterada e acepta** dita renuncia, de acordo co art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

- 24.32487.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES, DO CONCELLO DE VIGO, PARA O PROXECTO “LITERATURA MAREANTE (I XORNADAS LITERARIAS, BIBLIOGRÁFICAS E CREATIVAS DE INTERIOR)”, DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAI S EN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022 (Expte 2022028883)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 01/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares do Concello de Vigo*, con CIF: G36617082, por un importe de 1.932,09 €, para o proxecto “*Literatura Mareante (I Xornadas Literarias, Bibliográficas e Creativas de Interior)*” con cargo á aplicación 23/334.3340.489.05.2022, e recibido escrito WEB 2023013071, con data 28/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

- 25.32488.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA, DO CONCELLO DE VIGO, PARA O PROXECTO “BOLSA POÉTICA (ENCONTRO DE ACCIÓNS POÉTICAS ALZISTAS)”, DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAI S EN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022 (Expte 2022029441)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 01/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Mulleres Pedra da Vella do concello de Vigo*, con CIF: G36837433, por un importe de 2.006,40€, para o proxecto “*Bolsa Poética (Encontro de Accións Poéticas Alzistas)*” con cargo á aplicación 22/334.3340.489.05, e



recibido escrito WEB 2023013101, con data 28/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, dacordo co art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

#### 26.32489.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2023019949, que contén 28 facturas e por un importe de 94.716,94€ e con CSV: 1HAXF1QZ1YJOOD7W, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17/03/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade** aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	94.716,94 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	94.716,94 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

#### 27.32490.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE OIA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte. 2022067170)

##### ANTECEDENTES

1. O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “Bases reguladoras do plan concellos para a activación do emprego da Deputación provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) e amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais (liña 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
2. Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 23 de decembro de 2023, punto núm. 4.32403, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan Concellos





para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2023/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

3. Terceiro.- No caso do *Concello de Oia*, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE OIA				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	<i>1 condutor/a-operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 12 meses; 2 albaneis a xornada completa durante 9 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses; e 1 peón forestal a xornada completa durante 5 meses</i>	107.713,22 €	642,64 €	107.070,58 €

4. O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. 2023016023 do 13/03/2023 solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesario reaxuste da duración das contratacións, o importe do orzamento e o importe a cofinanciar, debido á necesidade de adaptar as condicións da subvención ás novas circunstancias derivadas do cambio de necesidades e os tempos da tramitación administrativa.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Sexta do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da Liña 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base Cuarta do Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique





adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2023. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.

#### CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar ás novas circunstancias e necesidades de contratación a solicitude de axuda debido aos tempos de tramitación administrativa e á necesidade de readaptar as novas circunstancias e necesidades a duración das contratacións, o interesado solicita modificar a duración das contratacións, o importe do orzamento e o importe a cofinanciar con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE OIA				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	<i>1 condutor/a-operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 11 meses; 2 albaneis a xornada completa durante 9 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses; e 1 peón forestal a xornada completa durante 6 meses</i>	116.752,86 €	9.682,28 €	107.070,58 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza. De existir importe sobrante poderá destinarse á Liña 1, nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude unha vez notificado o acordo de modificación desta axuda.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 23 de decembro de 2023, punto núm. 4.32403, no referente á axuda concedida ó *Concello de Oia*, CIF núm. P3603600B, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Oia (P3603600B)	8	<i>1 condutor/a-operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 11 meses; 2 albaneis a xornada completa durante 9 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses; e 1 peón forestal a xornada completa durante 6 meses</i>	107.070,58 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

## RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: IJU4ACZA9YNQN2W) e do informe de Intervención (CSV: D31OQ2S013AN5SLA), a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 23 de decembro de 2023, punto nº 4.32403, no referente á axuda concedida ó *Concello de Oia*, CIF núm. P3603600B, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Oia (P3603600B)	8	1 condutor/a-operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 11 meses; 2 albaneís a xornada completa durante 9 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses; e 1 peón forestal a xornada completa durante 6 meses	107.070,58 €

Esta modificación respecta os criterios establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), e non se estima que produza prexuízo a dereitos de terceiros, se ben unha vez aprobada polo órgano competente, o concello deberá tramitar a solicitude de aboo do anticipo correspondente conforme ás novas condicións da subvención reformulada.

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2023/942.9425.462.03.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



28.32491.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte. 2022069240)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “*Bases reguladoras do plan concellos para a activación do emprego da Deputación provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) e amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais (liña 2) 2023 (Expte. 2022064094)*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2023, punto núm. 28.32507, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2023/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- Terceiro.- No caso do *Concello de Salvaterra de Miño*, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
20	1 condutor en xornada de 37,5 h./sem. durante 11 meses; 3 mozos/as de recollida do lixo, 1 técnico/a de turismo e 1 monitor/a sociocultural en xornada de 35 h./sem. durante 11 meses; 2 oficiais albaneis en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 técnico/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a e 1 fontaneiro/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 7 meses; 1 cobrador/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 6 meses; 2 peóns forestais e 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 mozo/a de recollida do lixo e 2 varredores en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 cobrador/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 4 meses; e 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses	229.308,64 €	0,00 €	229.308,64 €



4. O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2023015496 do 09/03/2023 (emendado o 13/03/2023, rexistro núm. WEB 2023016174, e o 15/03/2023, rexistro núm. WEB2023017145) solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesario reaxuste do número, categoría e duración das contratacións, o importe do orzamento e o importe a cofinanciar, debido á necesidade de adaptar as condicións da subvención ás novas circunstancias derivadas do cambio de necesidades e os tempos da tramitación administrativa.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Sexta do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da Liña 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base Cuarta do Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2023. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.



## CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar ás novas circunstancias e necesidades de contratación a solicitude de axuda debido aos tempos de tramitación administrativa e á necesidade de readaptar as contratacións ás novas circunstancias e necesidades, o interesado solicita modificar a categoría, número e duración das contratacións, o importe do orzamento e o importe a cofinanciar con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
19	<i>1 condutor en xornada de 37,5 h./sem. durante 10 meses; 3 mozos/as de recollida do lixo, 1 técnico/a de turismo e 1 monitor/a sociocultural en xornada de 35 h./sem. durante 10 meses; 2 oficiais albaneis en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 técnico/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a e 1 fontaneiro/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 7 meses; 2 peóns forestais e 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 mozo/a de recollida do lixo, 2 varredores e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 cobrador/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 4 meses</i>	229.816,57 €	507,93 €	229.308,64 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza. De existir importe sobrance poderá destinarse á Liña 1, nos termos establecidos nas bases reguladoras do *Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3)*, para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude unha vez notificado o acordo de modificación desta axuda.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2023, punto núm. 28.32507, no referente á axuda concedida ó *Concello de Salvaterra de Miño*, CIF núm. P3605000C, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (nº de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salvaterra de Miño (P3605000C)	19	<i>1 condutor en xornada de 37,5 h./sem. durante 10 meses; 3 mozos/as de recollida do lixo, 1 técnico/a de turismo e 1 monitor/a sociocultural en xornada de 35 h./sem. durante 10 meses; 2 oficiais albaneis en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 técnico/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a e 1 fontaneiro/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 7 meses; 2 peóns forestais e 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 mozo/a de recollida do lixo, 2 varredores e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 cobrador/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 4 meses</i>	229.308,64 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

**RÉXIME COMPETENCIAL:**

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 6Y6U2TXJJ2O1Z5R) e do informe de Intervención (CSV: D31OQ2S013AN5SLA), a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2023, punto nº28.32507, no referente á axuda concedida ó *Concello de Salvaterra de Miño*, CIF nº P3605000C, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salvaterra de Miño (P3605000C)	19	<i>1 condutor en xornada de 37,5 h./sem. durante 10 meses; 3 mozos/as de recollida do lixo, 1 técnico/a de turismo e 1 monitor/a sociocultural en xornada de 35 h./sem. durante 10 meses; 2 oficiais albaneis en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 técnico/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a e 1 fontaneiro/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 7 meses; 2 peóns forestais e 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 mozo/a de recollida do lixo, 2 varredores e 1 bibliotecario/a en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 cobrador/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 4 meses</i>	229.308,64 €

Esta modificación respecta os criterios establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), e non se estima que produza prexuízo a dereitos de terceiros, se ben unha vez aprobada polo órgano competente, o concello deberá tramitar a solicitude de aboo do anticipo correspondente conforme ás novas condicións da subvención reformulada.

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2023/942.9425.462.03.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



29.32492.- AUTORIZAR O CAMBIO DA MEMORIA VALORADA QUE REXERA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS” INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021- CONCELLO DE PONTEAREAS (Expte: 2021007367)

## ANTECEDENTES

En data 30/04/2021, mediante acordo da xunta de goberno núm. 6.30243, concedeuse ao *Concello de Ponteareas* polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 67.998,76 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Adquisición de vehículos*” (Expte.2021007367), en base a un orzamento polo mesmo importe.

En data 09/09/2023, mediante acordo da xunta de goberno núm. 16.32092, autorízase un primeiro cambio na memoria valorada sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin a contía subvencionada.

En data 22/02/2023 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2023010717, dunha instancia xenérica do Concello de Ponteareas que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido e a resolución da alcaldía núm. 2023-0408, da mesma data, que aproba a nova memoria valorada e solicita a súa tramitación.

Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado pola necesidade readaptar os vehículos a mercar á evolución dos prezos do mercado ao ser declarado o procedemento de licitación por segunda vez deserto.

Neste contexto, a nova memoria valorada dos vehículos a mercar, non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin altera a contía da axuda outorgada pola Deputación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.





## Consideracións Xurídicas

### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.

### Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.  
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non prexudicar dereitos de terceiros.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 28/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 01/03/2023 que conclúen favorablemente o cambio da memoria valorada do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 21/03/2023 a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Autorizar o cambio da memoria valorada que rexerá a execución do investimento “*Adquisición de vehículos*” (Expte. 2021007367), incluído no Plan Concellos 2021. A nova memoria valorada, que non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, non supón incremento de custe do investimento nin da subvención a cargo da Deputación de Pontevedra que permanece invariable.
- O resto dos pronunciamentos contemplados no acordo da Xunta de Goberno núm. 6.30243, do día 30/04/2021, permanecerán invariables.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontearreas*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

30.32493.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DE VÍAS EN PEDREIRAS” (Expte.2023005946)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



- En data 30/01/2023 por rexistro WEB2023004482, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *concello de Marín* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 219.909,27 €, con destino ao financiamento do investimento “*Humanización de vías en Pedreiras*”, cun orzamento que importa 237.695,55 €. O importe restante ata completar a totalidade do orzamento finánciase con fondos propios do *Concello* tal e como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan Concellos	Fondos propios do Concello
2023	237.695,55	219.909,27	17.786,28

- Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así coma, o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, indicando que non son precisas autorizacións para executar o investimento.
- En data posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 17/02/2023.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

## DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 17/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 21/03/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/03/2023, a Xunta de Goberno **acorda por unanimidade:**

- Conceder ao *Concello de Marín* CIF P3602600C a cantidade de 219.909,27 €, con destino ao financiamento do investimento “*Humanización de vías en Pedreiras*”, cun orzamento que importa 237.695,55 €. O importe restante ata completar a totalidade do orzamento finánciase con fondos propios do *Concello* tal e como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan Concellos	Fondos propios do Concello
2023	237.695,55	219.909,27	17.786,28

- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vindeiro exercicio, no que existirá crédito suficiente para facerlle fronte ao terse realizado no vixente, a previsión futura da retención de crédito mediante o oportuno documento contable, condicionado así o gasto á aprobación do seu correspondente orzamento.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *concello de Marín* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia





31.32494.- COMUNICACIÓNS

A) Dar conta de actos firmes, ditados na orde xurisdiccional contencioso-administrativo e levada a cabo a súa defensa polo Servizo Xurídico da Deputación de Pontevedra-ORAL (Expte.2023011714)

*ACTOS FAVORABLES (Desestimacións)*  
*SENTENZAS*

*Recadación Executiva- Providencia de Prema:*

- 1) *Sentenza nº 588/2022 de 24 de novembro do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 15006/2022 (dimanante do PO 253/2020 JCA1Po)*

Dáse conta da Sentenza nº 588/2022 de 24 de novembro do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 15006/2022 (dimanante do PO 253/2020 JCA1Po), promovido por *Euro Roca SL* contra Sentencia nº 315/2021 de 29 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución de Tesourería de data 31/07/2022 e o expediente 39200000017275, pola que se desestima o recurso interposto contra o procedemento de recadación, na que se Desestima o recurso de apelación sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

*Taxas e Prezos Públicos:*

- 2) *Sentenza nº 223/2022 de 11 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, e do Auto 27 de outubro de 2022 polo que se subsana a mesma, ditada en autos do Procedemento Abreviado 017/2017.*

Dáse conta da Sentenza nº 223/2022 de 11 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, e do Auto 27 de outubro de 2022 polo que se subsana a mesma, ditada en autos do Procedemento Abreviado 017/2017 promovido por *Hotel Colón Tui SL* contra Resolución de Tesourería de 10/10/2016 (Expte. 39160000018571) Desestimatoria dos recursos de reposición interpostos contra as liquidacións da taxa por recollida de lixo referente os trimestres 2º, 3º y 4º de 2013, 4º trimestre de 2014, 2º, 3º e 4º trimestre de 2015 e 1º trimestre de 2016, por importe total de 17.670,72 €, Concelle de Tui, e contra a liquidación xirada polo mesmo concepto tributario de taxa de recollida de lixo do 2º trimestre del año 2016, por importe de 2.208,84 € (PA 063/2014 JCA1Po)., na que se desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 19.879,56 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



*Actos de outras administracións – Codemandados:*

- 3) *Sentenza nº 172/2022 de 27 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 020/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 172/2022 de 27 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 020/2021 promovido por R. Peinador SL contra Resolución de Tesourería de 11/11/2020 (Expt. 39920000012179) Desestimación recurso de reposición contra Providencia de Prema emitida polo Concepto TE Cotas Urbanísticas – Sanxenxo, e ampliado contra a Resolución de Tesourería de 20/09/2021 (Expt. 39920000019316) Desestimatoria recurso contra a Providencia de Prema emitida polo Concepto “TE - Xuros Cotas Xunta Compensación”, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á reclamante, sendo fixada a contía do procedemento en indeterminada e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 4) *Sentenza nº 173/2022 de 27 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 044/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 173/2022 de 27 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 044/2021 promovido por Peregrina Sexto Rodríguez contra Resolución de Tesourería de 11/11/2020 (Expt. 39920000012326) Desestimación recurso de reposición contra Providencia de Prema emitida polo Concepto TE Cotas Urbanísticas – Sanxenxo, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á reclamante, sendo fixada a contía do procedemento en 39.229,24 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 5) *Sentenza nº 171/2022 de 27 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 116/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 171/2022 de 27 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 116/2021 promovido por R. Peinador SL contra Resolución de Tesourería de 25/01/2021 (Expte. 39920000014871) pola que se Inadmite o recurso de reposición contra Providencia de Prema emitida polo Concepto TE Cotas Urbanísticas, Concello de Sanxenxo, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á reclamante, sendo fixada a contía do procedemento en 39.482,84 € e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



*Inspección do Imposto sobre Actividade Económicas:*

- 6) *Sentenza nº 277/2022 de 12 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 068/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 277/2022 de 12 de decembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 068/2022 promovido pola entidade Industrias Frigoríficas del Louro SA contra Resolución de Tesoureira de 30/11/2021 (Expte. 39920000028423) desestimatoria do recurso interposto as liquidacións derivadas da Sanción por Inspección IAE – Concello do Porriño, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 25.103,98 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

*Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana – IIVTNU:*

- 7) *Sentenza nº 183/2022 de 11 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 152/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 183/2022 de 11 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 152/2022 promovido por *Isabel Brandón Domínguez* contra Resolución de Tesourería de 08/02/2022 (Expte. 39890000001607) desestimatoria do recurso de reposición contra Dilixencia de Embargo por liquidación do IIVTNU 2018, Concello de Tomiño, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 115,61 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 8) *Sentenza nº 217/2022 de 04 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 228/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 217/2022 de 04 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 228/2022 promovido por *Altamira Santander Real Estate SA* contra Resolución de Tesourería de 29/06/2022 (Expte. 39920000037438), Inadmisión da solicitude nulidade de pleno dereito da liquidación do IIVTNU, *Concello de Salvaterra*, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas a reclamante, sendo fixada a contía do procedemento en 843,39 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

*Multas de Tráfico:*

- 9) *Sentenza nº 204/2022 de 22 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 175/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 204/2022 de 22 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 175/2022 promovido por *Alicia Taibo Domínguez* contra Decreto do Concello do Porriño de 21/12/2021, desestimatorio do recurso de reposición contra



Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 26941/2021, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 100 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

10) *Sentenza nº 238/2022 de 25 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 227/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 238/2022 de 25 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 227/2022 promovido por *María Celeste Muñiz Otero* contra Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 27186/2021, *Concello do Grove*, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á reclamante, sendo fixada a contía do procedemento en 600 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

#### DECRETOS (*Desistimiento*)

*Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana - IIVTNU*

11) *Decreto de 10 de outubro de 2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 287/2022.*

Dáse conta do Decreto de 10 de outubro de 2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 287/2022, promovido pola entidade *Banco Santander SA* contra Resolución de Tesourería de 25/03/2021 (Expte. 39920000011180) estimatoria do recurso de reposición interposto contra a liquidación do IIVTNU, *Concello de Catoira*, no que se ten por desistida á autora no recurso contencioso-administrativo, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.

#### ACTOS DESFAVORABLES (*Estimacións*)

##### SENTENZAS

*Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI):*

12) *Sentenza nº 231/2022 de 29 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 434/2021.*

Dáse conta da Sentenza nº 231/2022 de 29 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 434/2021 promovido por *Comunidade de Montes en Man Común de Tamiaga* contra Resolución de Tesourería de 03/09/2021 (Expte.39920000016357) Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra as liquidacións do IBI-Urbana, Exercicios 2017, 2018, 2019 e 2020, *Concello de Mos*, na que se estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas á Administración, sendo fixada a contía do procedemento en 2.110,16 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.



*Multas de Tráfico (1):*

13) *Sentenza nº 280/2022 de 24 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 170/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 280/2022 de 24 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 170/2022 promovido por *Dolores María Couñago Andrés* contra Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 7895/2021, na que se estima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á Administración, sendo fixada a contía do procedemento en 300 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

*Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana - IIVTNU (2)*

14) *Sentenza nº 096/2022 de 10 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 099/2022*

Dáse conta da Sentenza nº 096/2022 de 10 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 099/2022 promovido por *Miguel Angel Núñez Rivero* contra Resolución de Tesourería de 15/02/2022 (Expte. 39920000029365) Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra a liquidación do IIVTNU – 2021, *Concello de Moaña*, na que se estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas á Administración, sendo fixada a contía do procedemento en 2.111,43 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

*AUTOS (Recoñecemento total en vía administrativa)*

*Taxas e Prezos Públicos.*

15) *Auto nº 123/2022 de 23 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 221/2022.*

Dáse conta do Auto nº 123/2022 de 23 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 221/2022, promovido por *Cofradía Pescadores A Pastoriza de Vilanova de Arousa* contra Resolución de Tesourería de 04/07/2022 - Expte. 39920000041124, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra a liquidación da Taxa por Lixo do 1º cuadrimestre 2022, por importe de 128,00 €, *Concello do Vilanova de Arousa*, polo que se declara terminado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

*Multas de Tráfico (1)*

16) *Auto nº 119/2022 de 10 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 376/2021.*

Dáse conta do Auto nº 119/2022 de 10 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 376/2021, promovido por *Estibaliz Domínguez Vila*



contra Expediente Sancionador en Materia de Tráfico 6946/2020, *Concello do Grove*, polo que se declara terminado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

#### *Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI)*

17) *Auto nº 123/2022 de 20 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 126/2022.*

Dáse conta do Auto nº 123/2022 de 20 de outubro do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 126/2022, promovido por *Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Torroso* contra Resolución de Tesourería Resolución de 18/02/2022 (39920000030098), desestimatoria recurso reposición contra liquidación IBI 2021, Ref. Cat.-36033A041004530001DS, *Concello de Mos*, polo que se declara terminado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

**B) Dar conta de actos firmes, ditados na orde xurisdiccional contencioso-administrativo e levada a cabo a súa defensa pola Asesoría Xurídica da Deputación de Pontevedra:**

#### *SENTENZAS FAVORABLES*

##### *Recursos humanos:*

1) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 76/22, dimanante do procedemento abreviado nº 14/21, promovido por María Jesús Rúa Rodríguez, sobre materia de persoal. (Expte. 2021055792)*

Dada conta que con data 2 de febreiro de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de apelación núm. 76/22, promovido por *María Jesús Rúa Rodríguez* contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra de data 25 de outubro de 2021, ditada no procedemento ordinario nº 14/21, contra a Resolución de data 14/10/20 pola que se desestima a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo da demandante, e contra a Resolución de data 30/10/20 pola que se acorda a xubilación forzosa, e contra a resolución desestimatoria do recurso de reposición interposto contra as citadas resolucións, na que se estimaba a demanda declarando o dereito da autora á prolongación do servizo activo, reponendo á mesma no seu posto de traballo, con todos os seus dereitos económicos e administrativos dos que viña gozando, con ingreso das cotizacións sociais) na que se revoca a ditada en primeira instancia, estimando, por tanto, o recurso presentado pola administración provincial, e evitando o pago de 136.180,71 € de terse producido a reincorporación da demandante ó servizo activo.

A defensa encomendóuselle a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.



- 2) *Auto da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 2ª, ditado no Recurso de Apelación 16/23, dimanante das Dilixencias Previas nº 264/20 que se seguen perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra, promovidas Remedios Pérez González, resolvendo o recurso de apelación interposto pola representación da denunciante contra á resolución de data 04/07/2022 sobre delito de acoso. (Expte. nº 2020053752)*

Dada conta que con data 31 de xaneiro de 2023 tivo entrada nesta Deputación auto da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 2ª (recaído no recurso de apelación nº 16/23, promovido por Remedios Pérez González contra o auto de data 27/9/22 que desestimaba o recurso de reforma interposto contra a resolución de data 04/07/2022 ditada nas Dilixencias Previas nº 264/20 do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra, no que se acordaba non haber lugar a practicar as dilixencias de investigación solicitadas pola representación da denunciante) no que se desestima o recurso de apelación interposto pola mesma e resolve favorablemente para os intereses desta Deputación, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado auto.

- 3) *Auto do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra ditado nas Dilixencias Previas nº 264/20, promovidas Remedios Pérez González, sobre delito de acoso. (Expte. 2020053752)*

Dada conta que con data 2 de marzo de 2023 tivo entrada nesta Deputación auto do Xulgado de Instrución nº 1 de Pontevedra (recaído nas Dilixencias Previas-Proc. Abreviado nº 264/20 a raíz de denuncia formulada por Remedios Pérez González contra a Sra. Presidenta e o Sr. Deputado de Réxime Interior da Deputación Provincial de Pontevedra polos delitos de prevaricación, malversación de caudais públicos e acoso, dos artigos 404, 432 e 173.1 do C. P., penados, respectivamente, con inhabilitación especial de 9 a 15 anos, prisión de 2 a 6 anos e 2 anos para o último dos delitos citados) no que se decreta o sobresemento libre e arquivo das presentes dilixencias ó non ser constitutivos de delito os feitos relatados pola denunciante, tendo, o meritado Auto, o valor que lle outorga o Tribunal Constitucional no sentido de ser consideradas inocentes as autoridades denunciadas coma se tivera sido ditada sentenza absolutoria, asemade de non prexudicar a reputación dos procesados e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

Dito Auto é, no intre de formular a presente proposta, susceptible dos recursos de reforma e subsidiario de apelación

Á Xunta de Goberno, que queda enterada do contido favorable do citado Auto, daráselle conta, no momento procedimental pertinente, da firmeza ou non da meritada resolución xudicial, cuxa contía, a tenor dos criterios de honorarios dos Ilustres Colexios de Avogados de Galicia é de 11.510,00 €

- 4) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 599/21, dimanante do procedemento ordinario nº 270/19, promovido por María Del Carmen Pereira Cerviño, sobre reclamación de responsabilidade patrimonial. (Expte. 2021051248)*

Dada conta que con data 9 de marzo de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de apelación núm. 599/21, promovido por María del Carmen Pereira Cerviño contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra de data 21 de setembro de 2021, ditada no procedemento ordinario nº 270/19, contra Resolución Presidencial de data 21/02/2019 desestimatoria por silencio administrativo da





reclamación de responsabilidade patrimonial, en relación cunha situación considerada como acoso laboral, na que reclamaba a cantidade de 60.000,00 €, mais 7.599,45 € correspondentes os intereses legais o que fan un total de 67.599,45 €) na que desestima o recurso presentado pola demandante, ratificando a ditada en primeira instancia, con imposición de custas por importe de 1.000,00 € e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.

*Responsabilidade patrimonial:*

- 5) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 127/22 promovidos por Axa Seguros Generales sobre reclamación responsabilidade patrimonial por danos en vehículo na PO-223 no termo municipal de Pontevedra. (Expte. 2022035569)*

Dada conta que con data 28 de febreiro de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 127/22 promovidos por *Axa Seguros Generales* sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 1.407,84 € por danos en vehículo matrícula 6883HZJ a consecuencia da irrupción dun corzo no p.k. 1,3 da estrada PO-223 sinistro sucedido o 18/07/2020 no termo municipal de Pontevedra) na que se inadmite a demanda en atención ós argumentos esgrimidos na vista oral sobre o acordo desestimatorio da Xunta de Goberno, con imposición de custas por importe de 125,00 € e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

**SENTENZAS PARCIALMENTE FAVORABLES**

*Responsabilidade patrimonial:*

- 6) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 90/22, promovido pola Comunidad de Propietarios República Argentina N° 17 de Tomiño, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en edificio na E.P. 3102 Tomiño-Sabaris no termo municipal de Tomiño. (Expte. 2022024455)*

Dada conta que con data 28 de febreiro de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 90/22 promovidos pola *Comunidad de Propietarios República Argentina 17 de Tomiño*, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos en edificio xerados polas obras de mellora da conexión entre a E.P. 3102 Tomiño-Sabaris e a PO-344 o seu paso polo núcleo urbano de Seixo no termo municipal de Tomiño na reclamaba inicialmente a cantidade de 5.180,20 €, mais os intereses legais) na que se desestima parcialmente a demanda, concedéndolle á demandante 2.190,10 € sobre a contía inicialmente reclamada, incrementada co índice de garantía da competitividade desde a data do pago efectivo do coste da reparación, e que veñen supoñer 2.990,10 € menos do inicialmente reclamado, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



## SENTENZAS DESFAVORABLES

### *Recursos humanos:*

- 7) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 531/21, dimanante do procedemento ordinario nº 279/20, promovido polo Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Galicia, sobre materia de persoal. (Expte. 2021045921)*

Dada conta que con data 20 de xaneiro de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de apelación núm. 531/21, promovido polo *Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Galicia* contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra de data 6 de setembro de 2021, ditada no procedemento ordinario nº 279/20, contra Resolución Presidencial de data 16/09/2020 sobre proceso selectivo convocado para proveer, mediante o sistema de oposición libre, entre outras, unha praza de técnico superior en Medio Ambiente, encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, clase Técnico Superior, integrada no Grupo A1, polo sistema de oposición libre) na que desestima o recurso presentado pola administración provincial, ratificando a ditada en primeira instancia, con imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma, acordando o cumprimento nos seus propios termos.

### *Cooperación:*

- 8) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 3ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 7017/23, dimanante do procedemento ordinario nº 76/22, promovido polo Concello de O Porriño, sobre concesión de subvención. (Expte. 2022066219)*

Dada conta que con data 13 de marzo de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 3ª (recaída no recurso de apelación núm. 7017/23, promovido polo *Concello de O Porriño* contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra de data 24 de outubro de 2022, ditada no procedemento ordinario nº 76/22, contra o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 25 de febreiro de 2022 polo que se inadmitiu a trámite por extemporáneo o recurso de reposición interposto polo concello do Porriño contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Provincial na sesión extraordinaria do día 17 de decembro de 2021, que excluíu ó citado Concello do procedemento de concesión das subvencións ao amparo da convocatoria do programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación POSTCOVID 19. PROGRAMA REACPON, por non acadar o mínimo de 50 puntos, que estimaba a demanda, ordenando anular a resolución impugnada e acordando a retroacción das actuacións ós efectos de que a Deputación dite novo acordo polo que, examinados os motivos de fondo, resolva de conformidade a dereito) na que desestima o recurso presentado pola administración provincial, ratificando a ditada en primeira instancia e respecto da cal se solicitou aclaración sobre a non imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma.



32.32495.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as dez horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

